



## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016000	Compostela	Santiago de Compostela	2018/2019

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC01	Educación infantil	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiós semanais	Horas anuais	Sesiós anuais
MP0011	Didáctica da educación infantil	2018/2019	7	240	240

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ESTRELLA MARÍA GARCÍA GARCÍA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral do título de Técnico Superior en Educación infantil consiste en deseñar, pór en práctica e avaliar programas educativos de atención á infancia no primeiro ciclo de educación infantil no ámbito formal, consonte a proposta pedagóxica elaborada por un mestre ou unha mestra coa especialización en educación infantil ou título de grao equivalente, e en toda a etapa no ámbito non formal, xerando contornos seguros e en colaboración con profesionais e coas familias.

Os educadores/as infantís exercerán a súa actividade no sector da educación formal e non formal e no sector dos servizos sociais de atención á infancia.

As ocupación ou os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Educador ou educadora infantil en primeiro ciclo de educación infantil, sempre baixo a supervisión dun mestre ou dunha mestra, en institucións públicas e privadas.
- Educador ou educadora en institucións ou en programas específicos de traballo con menores (de cero a seis anos) en situación de risco social, ou en medios de apoio familiar, seguindo as directrices doutros profesionais.
- Educador ou educadora en programas ou actividades de lecer e tempo libre infantil con menores de cero a seis anos: ludotecas, casas de cultura, bibliotecas, centros educativos, centros de lecer, granxas escola, etc.

Cabe destacar que no contorno produtivo do centro as entidades máis salientables (en canto a número se refire) son ecolas infantís tanto públicas (da rede de escolas Galiña Azul) como privadas. A maioría das ACFs e as FCT do alumnado realízanse neste tipo de entidades. É menor a presenza de técnicos de educación infantil que desenvolven o seu labor profesional dentro de programas ou actividades de lecer e de tempo libre, e máis escasa a presenza de institucións ou programas específicos de traballo con menores en situación de risco social ou medios de apoio familiar, que traballen con estas idades.

Sexa cal sexa o ámbito no que desenvolva o seu labor profesional o/a técnico/a (formal ou non formal) unha das tarefas básicas que terá que desenvolver será a programación e avaliación de actuacións para desenvolver cos/as usuarios/as, neste caso nenos e nenas dos 0 aos 6 anos. Así o módulo de didáctica da educación infantil está pensado para que o alumnado adquiera as competencias que lle permitan desenvolver o seu labor dun xeito planificado: fundamentado na lexislación e normativa actual, marcando uns obxectivos, contidos, metodoloxía, recursos e avaliación.

Isto leva a que o módulo de Didáctica da educación infantil é un dos de maior carga horaria do ciclo de Educación infantil e precisa traballar cos contidos que se van desenvolvendo no resto dos módulos do ciclo.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Aproximación á infancia	Nesta unidade faremos un achegamento ao campo da educación infantil. Partiremos dunha pequena visión histórica sobre o mesmo e analizando a lexislación que regula a intervención no mesmo.	25	5
2	Contexto da educación infantil	Na presente unidade analízase o contexto específico da educación infantil tanto no ámbito formal como no non formal.	32	10
3	Planificación na educación infantil	O que facer na educación infantil presenta claras diferenzas en función do ámbito no que se desenvolva. Descríbese nesta unidade o marco curricular na educación formal e a planificación do traballo na educación non formal	32	15
4	Modelos e principios de atención á infancia	Son varios os modelos desde os que enfocar a práctica da educación infantil. Na presente unidade achegarémonos a todos eles.	21	10
5	Planificación e deseño de actividades	Unha das principais ferramentas de traballo dentro do eido da educación infantil é a planificación de actividades tanto no ámbito formal como no non formal.	42	20
6	Avaliando	A avaliación desenvólvese ao longo dun proceso que debe ser planificado, feito para o que é necesario coñecer diferentes técnicas, instrumentos e recursos	40	20
7	Recursos na educación infantil: Espazo, tempo, material e humanos na educación infantil	Espazo e tempo son dous elementos fundamentais dentro da educación infantil nos seus diferentes ámbitos. Requírese un bo coñecemento e manexo dos mesmos para un óptimo desenvolvemento da planificación educativa. E Seleccionar e organizar os recursos necesarios para a posta en práctica de actividades de educación infantil	48	20

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Aproximación á infancia	25

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Contextualiza a intervención educativa en relación co marco lexislativo e os fins da institución.	NO
RA4 - Determina e organiza os recursos materiais e persoais, os espazos e os tempos, consonte a normativa legal e aplicando criterios pedagóxicos na intervención educativa na infancia.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Analizouse a lexislación autonómica, estatal e europea en relación aos servizos educativos de atención á infancia.
CA1.8 Valorouse a actividade profesional das persoas coa titulación de técnico de educación infantil no contexto da intervención educativa.
CA1.8.1 Identificouse a ocupación ou os postos de traballo máis salientables do técnico/a en educación infantil
CA1.8.2 Xustificouse a necesidade da actividade profesional do/a técnico/a en educación infantil no contexto da intervención educativa
CA1.9 Utilizáronse novas tecnoloxías como fonte de información e valorouse o seu uso.
CA1.10 Amosouse iniciativa e disposición ante novas situacións da profesión.
CA1.11 Caracterizouse a concepción actual da infancia.
CA1.12 Descríbíronse os cambios máis influíntes na situación actual da infancia.
0CA4.10 Actuouse desenvolvendo actitudes e comportamentos axeitados cara o medio físico:orde,limpeza,coidado dos recursos,....
CA4.11 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación coas persoas:verbal e non verbal.
CA4.12 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación ao traballo:participación.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
A infancia: historia e lexislación específica.  A infancia: historia  Lexislación específica sobre infancia
Papel do persoal coa titulación de técnico de educación infantil na intervención educativa.
Valoración das novas tecnoloxías como fonte de información.



#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Contexto da educación infantil	32

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Contextualiza a intervención educativa en relación co marco lexislativo e os fins da institución.	NO
RA4 - Determina e organiza os recursos materiais e persoais, os espazos e os tempos, consonte a normativa legal e aplicando criterios pedagóxicos na intervención educativa na infancia.	NO

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Analizouse a lexislación sobre normalización lingüística.
CA1.4 Identificáronse propostas de educación infantil propias da realidade galega.
CA1.5 Comparáronse os tipos de centros e programas de educación formal e non formal.
CA1.6 Definíronse as características, os obxectivos, a organización e o tipo de funcionamento dunha escola infantil.
CA1.7 Descríbonse as características, os obxectivos, a organización e o tipo de funcionamento dunha institución de educación non formal.
0CA4.10 Actuouse desenvolvendo actitudes e comportamentos axeitados cara o medio físico:orde,limpeza,coidado dos recursos,....
CA4.11 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación coas persoas:verbal e non verbal.
CA4.12 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación ao traballo:participación.

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Institucións formais e non formais de atención á infancia: tipos, modelos, funcións e características.  Institucións formais de atención á infancia: tipos, modelos, funcións e características.  Institucións non formais de atención á infancia: tipos, modelos, funcións e características
Análise da lexislación europea, estatal e autonómica de servizos de atención á infancia no ámbito formal e non formal.
Intervención educativa en contornos bilingües. Lexislación específica e situación sociolingüística de Galicia.
Escola infantil: modelos, funcións e características.
Análise de propostas de educación infantil para o medio rural.



#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Planificación na educación infantil	32

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Determina os obxectivos da intervención educativa en relación cos niveis de planificación, os elementos que a compoñen e os criterios de formulación, nos ámbitos formais e non formais.	NO
RA4 - Determina e organiza os recursos materiais e persoais, os espazos e os tempos, consonte a normativa legal e aplicando criterios pedagóxicos na intervención educativa na infancia.	NO

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse os elementos dun currículo.
CA2.3 Analizáronse os elementos do currículo de educación infantil.
CA2.4 Descríbense as bases en que se apoia o currículo da educación Infantil.
CA2.5 Identifícanse os niveis de concreción curricular.
CA2.6 Identifícanse os niveis de planificación dunha actividade de educación non formal: plan, programa e proxecto.
CA2.7 Comparáronse documentos de planificación de tipos de institución nos ámbitos formal e non formal.
CA2.7.1 Comparáronse documentos de planificación de tipos de institucións no ámbito formal
CA2.7.2 Comparáronse documentos de planificación de tipos de institución no ámbito non formal
CA2.9.1 Descríbeuse o concepto de planificación e as súas fases
CA2.9.2 Xustifícase a necesidade de planificar o proceso de intervención educativa
0CA4.10 Actuouse desenvolvendo actitudes e comportamentos axeitados cara o medio físico: orde, limpeza, coidado dos recursos,....
CA4.11 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación coas persoas: verbal e non verbal.
CA4.12 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación ao traballo: participación.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Curriculo: tipos e elementos que o compoñen.</p> <p>O currículo en educación infantil.</p> <p>Niveis de concreción curricular.</p> <p>Análise e identificación dos elementos que compoñen un proxecto educativo e unha proposta pedagóxica.</p> <p>Niveis de planificación dunha intervención no ámbito non formal: plan, programa e proxecto.</p>



Contidos

Comparación entre documentos de planificación de institucións formais e non formais.

Comparación entre documentos de planificación de institucións formais

Comparación entre documentos de planificación de institucións non formais

Atención á diversidade nas intervencións educativas.



#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Modelos e principios de atención á infancia	21

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina as estratexias metodolóxicas que se deben aplicar consonte os modelos psicopedagóxicos.	NO
RA4 - Determina e organiza os recursos materiais e persoais, os espazos e os tempos, consonte a normativa legal e aplicando criterios pedagóxicos na intervención educativa na infancia.	NO

#### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícaronse os modelos didácticos específicos da educación infantil.
CA3.2 Interpretáronse os fundamentos dos modelos de atención á infancia.
CA3.3 Analizáronse os principios psicopedagóxicos dos modelos máis recentes en relación coa educación formal de educación infantil.
CA3.4 Comparáronse experiencias educativas salientables para definir a propia intervención educativa.
0CA4.10 Actuouse desenvolvendo actitudes e comportamentos axeitados cara o medio físico:orde,limpeza,coidado dos recursos,....
CA4.11 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación coas persoas:verbal e non verbal.
CA4.12 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación ao traballo:participación.

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Modelos didácticos específicos de educación infantil.
Achegas históricas que definen o proceso de ensino e aprendizaxe.
Análise dos principios psicopedagóxicos que sustentan os modelos máis recentes de educación infantil.





#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Planificación e deseño de actividades	42

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Contextualiza a intervención educativa en relación co marco lexislativo e os fins da institución.	NO
RA2 - Determina os obxectivos da intervención educativa en relación cos niveis de planificación, os elementos que a compoñen e os criterios de formulación, nos ámbitos formais e non formais.	NO
RA3 - Determina as estratexias metodolóxicas que se deben aplicar consonte os modelos psicopedagóxicos.	NO
RA4 - Determina e organiza os recursos materiais e persoais, os espazos e os tempos, consonte a normativa legal e aplicando criterios pedagóxicos na intervención educativa na infancia.	NO
RA5 - Planifica as actividades de educación formal e non formal en relación cos obxectivos da programación e coas características dos cativos e das cativas.	SI

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase a información sobre o contorno social, económico e cultural que é útil para a intervención.
CA2.2 Identifícanse os elementos dun proxecto de intervención educativa non formal.
CA2.8 Selecciónanse obxectivos e contidos partindo do marco curricular, do plan ou do programa, así como das características dos cativos e das cativas, para conseguir o desenvolvemento das súas capacidades individuais.
CA2.8.1 Selecciónanse obxectivos e contidos partindo do marco curricular, así como das características dos/as cativos/as, para conseguir o desenvolvemento das súas capacidades individuais.
CA2.8.2 Selecciónanse os obxectivos do plan ou programa e pártese das necesidades dos cativos/as, para conseguir o desenvolvemento das súas capacidades individuais.
CA2.9 Valorouse a importancia da planificación no proceso de intervención educativa.
CA3.5 Intégranse os temas transversais na elaboración de unidades didácticas.
CA3.6 Selecciónanse criterios metodolóxicos conforme os obxectivos da institución, o marco curricular, e as necesidades e os intereses dos cativos e das cativas.
CA3.6.1 Selecciónanse criterios metodolóxicos conforme o marco curricular e as necesidades dos cativos e cativas
CA3.6.2 Selecciónanse criterios metodolóxicos conforme os obxectivos da institución e as necesidades e os intereses dos cativos/as
CA3.7 Deseñáronse as adaptacións curriculares tendo en conta as recomendacións das entidades e do persoal profesional implicado, así como a información obtida.
CA3.8 Valorouse a participación nas actividades en equipo, o contraste de opinións e o intercambio de experiencias.
CA3.9 Programáronse e elaboráronse actividades didácticas
CA4.4 Recoñeceuse e valorouse a necesidade de organizar as tarefas.
CA4.5 Analizáronse os modelos de agrupamento de acordo co número de participantes, a idade, a metodoloxía e a programación prevista.
CA4.7 Selecciónanse materiais didácticos e didáctico-interactivos acaídos para os obxectivos, os contidos e os criterios metodolóxicos.
CA4.10 Actuouse desenvolvendo actitudes e comportamentos axeitados cara o medio físico: orde, limpeza, coidado dos recursos,....



Criterios de avaliación
CA4.11 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación coas persoas:verbal e non verbal.
CA4.12 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación ao traballo:participación.
CA5.1 Relacionáronse as actividades cos obxectivos, os contidos, a metodoloxía e as necesidades individuais dos cativos e das cativas.
CA5.2 Integráronse os temas transversais nas actividades programadas.
CA5.3 Deseñáronse actividades para o tratamento da atención á diversidade e a compensación de desigualdades sociais.
CA5.4 Identificáronse dificultades e propuxéronse solucións viables.
CA5.5 Elaboráronse adaptacións curriculares en función das características individuais e das necesidades específicas de apoio educativo aos grupos destinatarios.
CA5.6 Analizáronse adaptacións curriculares en relación a supostos de necesidades educativas especiais permanentes ou temporais.
CA5.7 Valorouse a coherencia da planificación das actividades de educación formal e non formal respecto aos obxectivos da programación.
CA5.7.1 Valorouse a coherencia da planificación de actividades de educación formal respecto aos obxectivos da programación
CA5.7.2 Valorouse a coherencia da planificación das actividades de educación non formal respecto aos obxectivos da programación

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
Valoración da importancia da planificación na atención á infancia.
Programación e elaboración de unidades didácticas.
Análise das posibilidades na intervención con alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
Comparación de diversas experiencias educativas en nenos e nenas de cero a seis anos.
Valoración da participación no traballo en equipo.
Asignación de espazos, tempos e recursos (materiais e persoais), conforme a planificación da intervención educativa.
Transversalidade en educación infantil.
Identificación do currículo oculto na práctica da educación infantil.
Deseño de actividades que traten a atención á diversidade e a compensación de desigualdades sociais.
Análise e deseño de adaptacións curriculares.
Posta en práctica das actividades formais e non formais.
Valoración da coherencia da posta en práctica de actividades formais e non formais.



#### 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Avaliando	40

#### 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Determina e organiza os recursos materiais e persoais, os espazos e os tempos, consonte a normativa legal e aplicando criterios pedagóxicos na intervención educativa na infancia.	NO
RA6 - Deseña a avaliación dos procesos de intervención e argumenta a selección do modelo, as estratexias, as técnicas e os instrumentos utilizados.	SI

#### 4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
0CA4.10 Actuouse desenvolvendo actitudes e comportamentos axeitados cara o medio físico:orde,limpeza,coidado dos recursos,....
CA4.11 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación coas persoas:verbal e non verbal.
CA4.12 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación ao traballo:participación.
CA6.1 Identifícaronse os modelos de avaliación.
CA6.2 Definíronse as estratexias e as técnicas de avaliación, tendo en conta a planificación e os momentos da intervención.
CA6.3 Seleccionáronse as estratexias e as técnicas de avaliación en varios momentos ao longo do proceso de intervención.
CA6.4 Deseñáronse as actividades de avaliación tendo en conta os criterios e os procedementos establecidos dentro do marco curricular, no caso da educación formal, e do plan ou programa, no caso da educación non formal.
CA6.5 Establecéronse indicadores de avaliación en varios momentos do proceso de intervención, para valorar a adecuación dos obxectivos e dos criterios metodolóxicos, a selección e a secuencia dos contidos e das actividades, así como a funcionalidade e a adecuac
CA6.6 Valorouse a importancia da avaliación en cada momento do proceso.
CA6.7 Valorouse a importancia de manter unha actitude permanente de mellora na eficacia e na calidade do servizo.
CA6.8 Identifícaronse os recursos para a formación permanente do persoal educador.

#### 4.6.e) Contidos

Contidos
Avaliación: modelos, técnicas e instrumentos.
0Actualización e formación permanente. Recursos.
Indicadores de avaliación.
Selección e elaboración de instrumentos.
Observación.
Elaboración de memorias e informes.
Interpretación da información obtida dos procesos de avaliación.
Xestión da calidade en centros educativos.



**Contidos**

Recoñecemento da necesidade de avaliar o proceso de intervención educativa.

Predisposición á autocrítica e á autoavaliación.



#### 4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Recursos na educación infantil:Espazo, tempo, material e humanos na educación infantil	48

#### 4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Determina e organiza os recursos materiais e persoais, os espazos e os tempos, consonte a normativa legal e aplicando criterios pedagóxicos na intervención educativa na infancia.	NO

#### 4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identificáronse os materiais didácticos, os espazos e os tempos de acordo coa intervención educativa.
CA4.2 Describiuse a normativa que regula o uso de espazos, recursos e tempos no ámbito formal e non formal, segundo o marco autonómico e estatal.
CA4.3 Definiuse a organización do tempo e do espazo como recurso didáctico.
CA4.3.1 Defínese a organización do tempo como recurso didáctico
CA4.3.2 Defínese a organización do espazo como recurso didáctico
CA4.6 Analizáronse os espazos, os materiais didácticos e a moblaxe, e comprobouse o cumprimento das normas de seguridade e hixiene, así como as condicións de accesibilidade.
CA4.8 Establecéronse os espazos, os materiais, os recursos humanos e os tempos tendo en conta a idade, o número de nenos e nenas e, de ser o caso, as necesidades educativas especiais.
CA4.8.1 Establecéronse os espazos tendo en conta a idade, o número de nenos e nenas e, de ser o caso, as necesidades educativas especiais.
CA4.8.2 Establecéronse os materiais e os recursos humanos tendo en conta a idade, o número de nenos e nenas e, de ser o caso, as necesidades educativas especiais.
CA4.8.3 Establecéronse os tempos tendo en conta a idade, o número de nenos e nenas e, de ser o caso, as necesidades educativas especiais.
CA4.9 Responsabilizouse da importancia de xerar contornos seguros.
0CA4.10 Actuouse desenvolvendo actitudes e comportamentos axeitados cara o medio físico:orde,limpeza,coidado dos recursos,....
CA4.11 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación coas persoas:verbal e non verbal.
CA4.12 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación ao traballo:participación.

#### 4.7.e) Contidos

Contidos
Materiais didácticos, espazos e tempos.
Espazos
Tempos
Materiais didácticos
Normativa reguladora do uso de espazos, recursos e tempos na intervención formal e non formal.



Contidos

Normativa de seguridade nos espazos e nos recursos dedicados á atención á infancia.

Normativa de seguridade nos espazos dedicados á atención á infancia.

Normativa de seguridade nos recursos dedicados á atención á infancia.

Recursos didácticos: organización espacial e temporal.

Selección de materiais consonte a planificación da intervención educativa.

Asignación de espazos, tempos e recursos (materiais e persoais), conforme a planificación da intervención educativa.

Asignación de espazos conforme a planificación da intervención educativa.

Asignación de tempos conforme a planificación da intervención educativa.

Asignación de recursos (materiais e persoais), conforme a planificación da intervención educativa.

Accesibilidade aos espazos.

Sensibilización respecto á xeración de contornos seguros.



## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva no módulo serán os seguintes:

- Caracterizouse a concepción actual da infancia.
- Describíronse os cambios máis influíntes na situación actual da infancia.
- Analizouse a lexislación autonómica, estatal e europea en relación aos servizos educativos de atención á infancia.
- Identificouse a ocupación ou os postos de traballo máis salientables do técnico/a de educación infantil.
- Identificouse a información sobre o contorno social, económico e cultural que é útil para a intervención.
- Analizouse a lexislación autonómica, estatal e europea en relación aos servizos educativos de atención á infancia.
- Analizouse a lexislación sobre normalización lingüística.
- Identificáronse propostas de educación infantil propias da realidade galega.
- Comparáronse os tipos de centros e programas de educación formal e non formal.
- Definíronse as características, os obxectivos, a organización e o tipo de funcionamento dunha escola infantil.
- Describíronse as características, os obxectivos, a organización e o tipo de funcionamento dunha institución de educación non formal.
- Identificáronse os elementos dun currículo.
- Identificáronse os elementos dun proxecto de intervención educativa non formal.
- Analizáronse os elementos do currículo de educación infantil.
- Identificáronse os niveis de concreción curricular.
- Identificáronse os niveis de planificación dunha actividade de educación non formal: plan, programa e proxecto.
- Comparáronse documentos de planificación de tipos de institución nos ámbitos formal e non formal.
- Seleccionáronse obxectivos e contidos partindo do marco curricular, do plan ou do programa, así como das características dos cativos e das cativas, para conseguir o desenvolvemento das súas capacidades individuais.
- Valorouse a importancia da planificación no proceso de intervención educativa.
- Identificáronse os modelos didácticos específicos da educación infantil.
- Interpretáronse os fundamentos dos modelos de atención á infancia.
- Analizáronse os principios psicopedagóxicos dos modelos máis recentes en relación coa educación formal de educación infantil.
- Seleccionáronse criterios metodolóxicos conforme os obxectivos da institución, o marco curricular, e as necesidades e os intereses dos cativos e das cativas.
- Programáronse e elaboráronse actividades didácticas
- Recoñeceuse e valorouse a necesidade de organizar as tarefas.
- Analizáronse os modelos de agrupamento de acordo co número de participantes, a idade, a metodoloxía e a programación prevista.
- Seleccionáronse materiais didácticos e didáctico-interactivos acaídos para os obxectivos, os contidos e os criterios metodolóxicos.
- Relacionáronse as actividades cos obxectivos, os contidos, a metodoloxía e as necesidades individuais dos cativos e das cativas.
- Integráronse os temas transversais nas actividades programadas.
- Diseñáronse actividades para o tratamento da atención á diversidade e a compensación de desigualdades sociais.
- Identificáronse os materiais didácticos, os espazos e os tempos de acordo coa intervención educativa.
- Identificáronse os espazos de acordo coa intervención educativa
- Identificáronse os tempos de acordo coa intervención educativa
- Describiuse a normativa que regula o uso de espazos, recursos e tempos no ámbito formal e non formal, segundo o marco autonómico e estatal.



- Definiuse a organización do tempo e do espazo como recurso didáctico.
- Defineuse a organización do tempo como recurso didáctico
- Defineuse a organización do espazo como recurso didáctico
- Analizáronse os espazos, os materiais didácticos e a moblaxe, e comprobouse o cumprimento das normas de seguridade e hixiene, así como as condicións de accesibilidade.
- Analizáronse os espazos e comprobouse o cumprimento das normas de seguridade e hixiene, así como as condicións de accesibilidade.
- Establecéronse os espazos, os materiais, os recursos humanos e os tempos tendo en conta a idade, o número de nenos e nenas e, de ser o caso, as necesidades educativas especiais.
- Establecéronse os espazos tendo en conta a idade, o número de nenos e nenas e, de ser o caso, as necesidades educativas especiais.
- Establecéronse os tempos tendo en conta a idade, o número de nenos e nenas e, de ser o caso, as necesidades educativas especiais.
- Identificáronse os materiais didácticos, os espazos e os tempos de acordo coa intervención educativa.
- Identificáronse os materiais didácticos de acordo coa intervención educativa
- Describiuse a normativa que regula o uso de espazos, recursos e tempos no ámbito formal e non formal, segundo o marco autonómico e estatal.
- Describiuse a normativa que regula o uso de recursos no ámbito formal e non formal, segundo o marco autonómico e estatal
- Analizáronse os espazos, os materiais didácticos e a moblaxe, e comprobouse o cumprimento das normas de seguridade e hixiene, así como as condicións de accesibilidade.
- Analizáronse os materiais didácticos e a moblaxe, e comprobouse o cumprimento das normas de seguridade e hixiene, así como as condicións de accesibilidade.
- Seleccionáronse materiais didácticos e didáctico-interactivos acaídos para os obxectivos, os contidos e os criterios metodolóxicos.
- Establecéronse os espazos, os materiais, os recursos humanos e os tempos tendo en conta a idade, o número de nenos e nenas e, de ser o caso, as necesidades educativas especiais.
- Establecéronse os materiais e os recursos humanos tendo en conta a idade, o número de nenos e nenas e, de ser o caso, as necesidades educativas especiais.
- Identificáronse dificultades e propuxéronse solucións viables.
- Actuouse desenvolvendo actitudes e comportamentos axeitados cara o medio físico:orde,limpeza,coidado dos recursos,....
- Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación coas persoas:verbal e non verbal.
- Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación ao traballo:participación.
- Identificáronse os modelos de avaliación.
- Definíronse as estratexias e as técnicas de avaliación, tendo en conta a planificación e os momentos da intervención.
- Deseñáronse as actividades de avaliación tendo en conta os criterios e os procedementos establecidos dentro do marco curricular, no caso da educación formal, e do plan ou programa, no caso da educación non formal.
- Establecéronse indicadores de avaliación en varios momentos do proceso de intervención, para valorar a adecuación dos obxectivos e dos criterios metodolóxicos, a selección e a secuencia dos contidos e das actividades, así como a funcionalidade e a adecuac
- Valorouse a importancia da avaliación en cada momento do proceso.
- Valorouse a importancia de manter unha actitude permanente de mellora na eficacia e na calidade do servizo.

A cualificación global do alumnado virá determinada por:

1.En canto aos procedementos: (a cualificación dos criterios que correspondan a parte máis procedimental do módulo terá un peso sobre a nota final do módulo dun 30%). Terase en conta, xunto cos indicadores establecidos para cada tarefa, o seguinte:

1.1 A calidade das tarefas e traballos individuais e grupais:

-Os traballos individuais realizados: a claridade de ideas na redacción, a capacidade de síntese, a creatividade e as reflexións persoais





fundamentadas, o cumprimento dos prazos de entrega, redacción e coherencia, ortografía, contido, presentación e adecuación ao solicitado na tarefa. Nas exposicións valorarase a claridade expositiva dos traballos, a adecuación cos contidos traballados na aula e o contido fundamentado da mesma.

-Os traballos grupais realizados: valorarase a claridade de ideas na redacción, a capacidade de síntese, a creatividade e as reflexións grupais fundamentadas. Nas exposicións valorarase a claridade expositiva dos traballos, a adecuación cos contidos traballados na aula, a orixinalidade na elaboración e exposición, o contido fundamentado da mesma e a implicación de todos/as os/as membros do grupo. Se as tarefas se distribuíron equitativamente, si cada un se responsabilizou activamente do seu traballo, si se fixeron postas en común para que o traballo resulte coherente, si se resolveron os problemas que puideran xurdir, etc. A nota poderá ser diferente para as distintas persoas que integren o grupo.

No caso de retraso na entrega de traballos, tanto individuais como grupais, poderá penalizarse na nota do mesmo.

2. En canto aos conceptos (a cualificación dos criterios que correspondan a parte máis conceptual do módulo terá un peso sobre a nota final dun 60%). As probas escritas sobre contidos expostos na aula poderán ser de tres tipos: exame con elaboración de diferentes tipos de resposta, tipo test e supostos prácticos. Realizaranse ao final de cada unidade ou ao final do trimestre, dependendo de cada caso. No caso de haber varias probas o mesmo trimestre a nota da parte conceptual será a media entre as diferentes probas, sempre e cando en cada unha delas a nota sexa igual ou superior a 5.

A ausencia inxustificada a estas probas conlevará automaticamente un cero. Estas probas puntuaranse sobre dez.

3. En canto as actitudes (a cualificación dos criterios que correspondan a parte máis actitudinal do módulo terá un peso sobre a nota final dun 10%). A cualificación do traballo individual farase a partir das observacións recollidas polo profesor no rexistro anecdótico. Asemade teranse en conta as autoavaliacións realizadas polo alumnado.

As porcentaxes sobre a nota final quedan establecidas do seguinte xeito:

1. Conceptos: 60 %
2. Procedementos: 30 %
3. Actitudes relacionadas coa profesionalidade: 10 %

A cualificación final de cada avaliación será a suma das notas resultantes de cada un dos tres apartados anteriores.

Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco en cada un dos apartados. Para superar de xeito positivo as distintas avaliacións, será preciso superar de xeito positivo todos os apartados descritos anteriormente en cada unha delas (procedementos, conceptos e actitudes). A efectos de calcular a devandita media, e de forma excepcional, poderase ter en conta unha cualificación inferior a 5 (e nunca por debaixo dun 4). (Terá que ter os CA mínimos de cada UD para poder aprobar)

Para superación positiva do módulo é necesaria a presentación e avaliación positiva de todas as actividades e probas desenvolvidas ao longo do trimestre, polo que se a profesora estima que nalgún caso o aproveitamento e participación por parte de un alumno/a non é o axeitado, ou ben por non asistir a clase ou non levar a cabo determinadas actividades, poderá esixirle a estes alumnos/as traballos complementarios.

Para aprobar o módulo é necesario ter aprobadas cada unha das tres avaliacións.

A nota final do módulo será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións. A cualificación será numérica, entre un e dez, sen decimais. Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco redondeándose os decimais ao punto máis próximo.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

As actividades de recuperación para o alumnado que non aprobe este módulo, consistirán na presentación de traballos individuais onde se reflíctan os coñecementos demandados, e na realización de varias probas escritas e orais, ( dependendo da natureza dos Cas non superados). Así mesmo poderase realizar unha proba final onde se comprobará a adquisición dos resultados de aprendizaxe do módulo de Didáctica.

O alumnado que non supere algunha das unidades didácticas ou CA nun trimestre, poderá recuperalo/a no periodo establecido para tal fin, a través dun exame ou da realización de traballos en función da natureza dos CA non adquiridos.

As actividades de recuperación previstas, concretaranse para cada alumno/a nun informe individualizado, que tomará como referencia os criterios de avaliación non superados.

O alumnado será informado das actividades programadas para a súa recuperación, do período da súa realización, e da data en que será avaliado.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Tal e como se indica no NOF do centro:

Para a perda de avaliación continua teranse en conta tanto as faltas xustificadas como as non xustificadas. Ao alumnado de Ciclos Formativos de rango medio e superior, aplicaráselles o disposto no apartado 3 do artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial:

"O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total.

Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas".

Atendendo ás circunstancias anteriormente mencionadas, e para acadar un criterio claro e homoxéneo á hora de proceder, establecece para todos os módulos un máximo dun 10 % para faltas sen xustificación, ampliando dita porcentaxe un máximo dun 5% con xustificación. En todo caso un alumno ou alumna para cada módulo que curse non poderá ter máis do 10% de faltas sen xustificar e un 5% xustificadas, podendo chegar cos dous conceptos ata o 15% no curso académico.

Aquel alumnado que perda o dereito á avaliación continua terá que realizar unha proba de avaliación extraordinaria no mes de xuño, sendo requisito imprescindible aprobar a parte correspondente a cada avaliación, cunha nota mínima de 5, é dicir, é necesario aprobar cada avaliación por separado, do contrario o exame estará suspenso.

Trátase dunha avaliación dos contidos teórico-prácticos que consistirá na realización dunha proba final (oral e/ou escrita) sobre os contidos do módulo.

Convén matizar que o alumnado non perde o dereito de asistir ás clases aínda que perdera a avaliación continua.

A proba final de perda de avaliación continua será unha proba singular e adaptada a cada un dos alumnos e alumnas.

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

O SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN farase mensualmente de acordo co procedemento de calidade do centro. Informarase mensualmente nas reunións do equipo docente do ciclo e do departamento sobre o grao de cumprimento da mesma. No caso de modificacións, xustificaranse debidamente no devandito modelo de Seguimento da programación. De acordo con estes datos e as decisións tomadas nas reunións de seguimento da programación, se tomarán as medidas correctoras pertinentes.



En canto á avaliación da propia PRÁCTICA DOCENTE farase empregando a enquisa de satisfacción do labor docente. Os resultados desta enquisa son trasladados ao Informe de satisfacción do labor docente e analizados polo equipo docente, que seguirá o descrito no documento de Non Conformidades, accións correctivas e preventivas cando non se acaden os valores aceptables nos resultados.

De constatare non conformidades repetirase a Enquisa de satisfacción do labor docente en marzo, procedendo ao seu análise posterior, do mesmo xeito que no caso anterior.

Ao final de curso realizarase a avaliación final desta programación didáctica, anotarase todas as incidencias acaecidas ao longo do curso. Esta avaliación será realizada pola profesora, que realizará a MEMORIA FINAL do módulo, no que se incluírán todas as propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo do curso realizarase unha avaliación inicial para ter unha idea das características do alumnado e poder así axustar a proposta educativa, metodoloxía e actividades concretas, ao grupo. A avaliación inicial realizarase a través dunha serie de preguntas feitas polo docente e que as alumnas deberán responder en relación a unha situación educativa plantexada e sobre a que o alumnado terá que facer propostas. Teranse tamén en conta os datos recollidos pola titora na enquisa que se lles pasa o primeiro día.

ENQUISA DE AVALIACIÓN INICIAL:

- B1.- Qué crees que é a educación infantil?
- B2.-Que termo cree que é máis correcto actualmente: Escola Infantil ou Gardería?
- B3.-Coñece o nome dalgún pedagogo ou psicólogo especialista en educación infantil?
- B4.-Que é para vostede un material didáctico?. Poña un exemplo.
- B5.-Visitou algunha vez unha escola infantil?.
- B6.-Que é para vostede programar?
- B7.-Considera necesario avaliar en educación infantil?
- B8.-Que cree que é unha granxa-escola?
- B9.-Cal cree que é o campo profesional de un/unha educador/a infantil
- B10.- Cal cree que é o papel dun técnico de educación infantil nunha Escola Infantil

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

No referente á atención á diversidade, a flexibilización modular de ciclos formativos consiste na autorización para que o alumnado poida cursar o ciclo formativo de xeito fragmentado por módulo cunha temporalización distinta da habitual.

De forma xeral neste módulo implantaranse, conforme ás necesidades detectadas, medidas de reforzo educativo, tanto curriculares como organizativas:

-Tendo en conta a posible discapacidade física dun alumno/a (xordeira, cegueira, deficiencia motórica,...), será necesaria a adecuación no acceso o currículo.

-Tamén poderán adecuarse compoñentes básicos do currículo (contidos, metodoloxía, recursos), incidindo directamente na programación, en base ás problemáticas concretas:

-Adaptación no proceso de ensinanza-aprendizaxe aos ritmos e tempos tanto do grupo como individuais, axustando a temporalización das unidades didácticas.



- Planificación de actividades para determinar cales son os coñecementos previos do alumnado antes de iniciar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Tendo en conta os intereses do alumnado na programación e funcionalidade das aprendizaxes.
- Creación dun clima de respecto e tolerancia e valoración mutua.
- Creación dun ambiente de traballo cooperativo, de axuda mutua, un grupo de traballo que integre a alumnas/os con diversidade de intereses, motivacións e capacidades.
- Métodos alternativos de ensinanza-aprendizaxe.
- Maior tempo para a consecución dos obxectivos
- Actividades diversas diferenciadas en grao de dificultade e complexidade para traballar o mesmo contido.
- Deseñar diferentes actividades e situacións para avaliar o mesmo contido.
- Adaptando os instrumentos de avaliación ás necesidades e capacidades potenciais do alumnado.
- Materiais adaptados ás súas necesidades.
- Adecuación de espazos na aula que favorezan a mobilidade do alumnado e posibilite distintos tipos de traballo de forma simultánea e diferentes agrupamentos coa participación de todos os alumnos e alumnas

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Dentro do mundo profesional da educación infantil teñen entrada e cabida todos os temas transversais .Os/as futuros/as técnicos/as de educación infantil traballaran no eido educativo con nenos e nenas de entre 0 e 6 anos. ESta etapa educativa senta as bases para o futuro desenvolvemento, e que decir ten que a educación en valores é un dos seus piares fundamentais.Así son moitos os temas e os día D que se traballan dentro da educación infantil: os dereitos do neno e a nena, o día da paz,.....No módulo de didáctica traballamos con moitos deles,centrándonos fundamentalmente nos seguintes temas:

1. Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.
2. Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.
3. Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.
4. Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas



de probas, etc.

5. Educación para o consumo responsable: Fomentárase entre o alumnado un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático, talleres,...)

6. Interculturalidade: Traballando desde o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Visita a varias escolas infantis ( unha por trimestre). Preténdese que o alumnado desde o comezo da súa formación esté en contacto directo coa realidade laboral na que vai desenvolver o seu labor profesional, e esta lle facilite a aprendizaxe de varios dos contidos do módulo. Así as visitas non estarán valeiras de contido e existen ao longo do módulo actividades programadas para desenvolver nas mesmas.

Visita a varias entidades de educación non formal.. Son moi diferentes as entidades que traballan no edio da infancia dentro da educación non formal. Que o alumnado as coñeza de primeira man facilitaralle o poder planificar actividades dentro das mesmas.

Salón do libro infantil e xuvenil de Pontevedra. A importancia da visita radica no coñecemento de novos recursos dentro da educación infantil.

Visita a Mupega no 1º trimestre.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Texto de referencia

O texto de referencia de McGraw-Hill: Didáctica da educación infantil e/ou de Sintese: Didáctica da Educación infantil. Á parte dos apuntamentos que se lle entregarán. Donde se farán algunhas actividades que se consideren importantes para acadar os obxectivos.

### 10.2) Plataforma educativa

Como espazo soporte utilizarase a plataforma educativa EDMODO; ferramenta que será usada como elemento de comunicación, onde se colgarán documentos xerais de importancia para o módulo de Didáctica da educación infantil (Programación, ficha de avaliación de actitudes, normas de entrega de traballos, cómo citar bibliografía e webgrafía,...), así como para avisos de importancia.

O seu obxectivo fundamental, sen embargo, é a organización da distinta documentación das UD e a entrega de actividades; xerando, así, estudo-aprendizaxe en varios formatos, axudando a construír unha visión xeral e completa da materia e facilitando o manexo e revisión de toda a información incorporada na aula.

Será, polo tanto, utilizada como ferramenta didáctica na que será necesario cumprir coas normas establecidas polo docente en canto a: prazos,



formatos de entrega de actividades, especificacións das tarefas, tipo de intercambio de información aceptada nos foros (só aceptada información académica),...